

## RESOLUCIÓN 07 DE DICIEMBRE DE 2023, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DO PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN ASOCIADAS A PROXECTO DE XERACIÓN DO COÑECEMENTO NO MARCO DO PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA, DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E DE INNOVACIÓN 2021-2023.

A Universidade de Santiago de Compostela convoca un proceso de selección e avaliación de persoal investigador en formación asociadas a proxecto de xeración do coñecemento no marco do programa estatal para impulsar a investigación científico-técnica e a súa transferencia, do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2021-2023., para a contratación de persoal investigador predoutoral asociado a proxectos que figuran no anexo I desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes **bases**.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1.- NORMAS XERAIS

Este concurso réxese polo disposto no artigo 12 “*Características das actuacións para a formación de persoal investigador predoutorais asociadas aos proxectos*” da Orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2022 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023, polo Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación non marco de actividades e programas de I+D+i, aprobado por Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, modificado o 29 de xuño de 2022; polo Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020, modificado o 6 de xuño de 2022; polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (en diante, LOSU); na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, na Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e, supletoriamente, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP)

## 2.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal investigador predoutoral en formación asociados ou vinculadas de xeito unívoca a algún dos proxectos de investigación que figuran no anexo I da presente convocatoria.

Os contratos terán por obxecto a realización de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e novo, por quen estea en posesión do título de Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Graduado Universitario con Grao de polo menos 300 créditos ECTS (*European Credit Transfer System*) ou Máster Universitario, ou equivalente, e fosen admitidos ou se atopen en condicións de ser admitidos a un programa de doutoramento. Este persoal terá a consideración de persoal investigador predoutoral en formación. Así mesmo, o contrato terá por obxecto a orientación posdoutoral por un período máximo de doce meses. Non poderán ser contratadas, en calquera caso, as persoas que xa estean en posesión do título de Doutor, por calquera universidade española ou estranxeira.

## 3.-REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. Sen prexuízo dos requisitos de carácter xeral establecidos no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da Universidade de Santiago de Compostela, a presente convocatoria está destinada á contratación de titulados/as universitarios/as que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes reúnan os seguintes requisitos:
  - a) Atoparse en posesión dun título oficial español de grao, ou equivalente, e de Máster universitario, ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto das dúas ensinanzas.
  - b) Estar admitido no curso académico **2023/2024** nun programa de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela ou atoparse en condicións de ser admitidos nalgúns dos programa de doutoramento da USC no curso académico **2023/2024**. A data de inicio do contrato da persoa seleccionada deberá estar dentro do período máximo de 3 meses a contar dende o día seguinte ao da publicación na paxina da Axencia Estatal de Investigación da resolución de concesión definitiva das axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento», e necesariamente o día 1 do mes que corresponda.
  - c) Así mesmo, poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:
    - Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do

Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 18 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.

- Estar en posesión dun título oficial español de Grao, cuxa duración, sexa de polo menos 300 créditos ECTS.
  - Os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superasen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.
- d) Que a data de finalización dos estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo europeo de educación superior (EEES) sexa **igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2017**.
- e) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de Doutoramento.
2. Non poderán ser solicitantes, nin acceder á contratación que se incentiva, quen se atope en calquera das seguintes circunstancias:
- a) Ter iniciado a súa formación predoutoral con financiamento doutras axudas destinadas á formación predoutoral a través do desenvolvemento dunha tese doutoral que se outorgaron no marco do Plan Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica ou dalgún dos anteriores Plans Nacionais, de axudas predoutorais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como calquera outro programa de formación predoutoral.
  - b) Estar en posesión do título de Doutor, por calquera universidade española ou estranxeira.

#### 4.-DURACIÓN

A duración máxima do contrato predoutoral **será de 4 anos**. No caso de que, de estar xa contratado o traballador baixo esta modalidade, o tempo que reste ata o máximo de catro anos, ou de seis no caso de persoas con discapacidade, sexa inferior a un ano, poderá concertarse o contrato, ou a súa prórroga, polo tempo que reste ata o máximo establecido en cada caso.

#### 5.-ORZAMENTO

As contías para as contratacións desta modalidade irá vinculado a cada un dos proxectos recollidos no anexo I desta convocatoria, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

#### 6.-CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS CONTRATOS

As persoas seleccionadas deberán ser contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral, regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, e o Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo, e a incorporación deberá producirse no prazo máximo establecido no artigo 12.1 da Orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2022 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, en o marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.

No caso de que as persoas fosen contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral previamente, a duración do contrato non poderá exceder do máximo establecido no artigo 21.c) da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

A incorporación do persoal investigador predoutoral ao seu posto de traballo será necesariamente o día 1 do mes que corresponda, e de conformidade co establecido no parágrafo primeiro deste apartado.

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada a tempo completo no curso 2023/2024 ou estar en disposición de matricularse na data de formalización do contrato, esta esixencia será comprobada de oficio pola USC e deberá manterse durante toda a duración do contrato predoutoral.

De conformidade cos artigos 20 e 21 da citada Lei 14/2011, do 1 de xuño, cando o persoal investigador en formación obteña o título de doutor/a ou finalice a permanencia no programa de doutoramento, sempre que a obtención do título se produza durante o período de execución do seu contrato, financiarase un período de orientación posdoutoral cunha duración máxima de doce

meses, destinada ao perfeccionamento e especialización profesional sen prexuízo do disposto en materia de interrupcións e prórrogas do prazo de execución da actuación recollidas no artigo 25.7 da Orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2022 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, en o marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.

Sen menoscabo do anterior, a retribución do contrato non poderá ser inferior ao 56 % do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación durante a primeira anualidade, ao 60 % durante a segunda anualidade, e ao 75 % durante a terceira e cuarta anualidade. Tampouco poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional que se estableza cada ano, segundo o artigo 27 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Para o establecemento das retribucións anteriores tomarase como referencia mínima a categoría correspondente ao Grupo 1 de persoal laboral da táboa salarial recollida no convenio único de persoal laboral da Administración Xeral do Estado.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, **no momento de sinatura do contrato**, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitectura, Enxeñaría, Licenciatura, Arquitectura Técnica, Enxeñaría Técnica e Diplomatura.

## 7.-INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

O persoal investigador contratado ao abeiro desta convocatoria poderá colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 60 horas anuais, a petición propia e co informe favorable do director ou directora de tese e a autorización do departamento correspondente. Estas colaboracións non poderán supor unha redución da carga docente do departamento que as asigne.

## 8.-PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria.

As solicitudes de participación serán presentadas polas persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3, de conformidade co procedemento que se describe neste artigo.

1. A presentación de solicitudes farase a través da [Sede Electrónica da Universidade de Santiago](#) de Compostela, empregando o formulario de solicitude dispoñible dirixido á Área de Investigación, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Na solicitude deberá indicarse que desexa participar no **proceso de selección e avaliación do persoal investigador predoutoral en formación** (Non é preciso achegar ningunha documentación no momento de realizar este rexistro).
3. Presentada a solicitude no rexistro electrónico da USC, e recepcionada pola Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D, á persoa solicitante recibirá, **ao enderezo de correo electrónico indicado na súa solicitude**, instrucións de como debe presentar os documentos requeridos para avaliar a súa solicitude.

Aquelas solicitudes que non realicen a presentación conforme ao disposto no presente apartado teranse por desistidas, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

## 9.- CONTIDO E DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

Os documentos requeridos que as persoas interesadas deberán achegar, logo da recepción das instrucións mencionadas no punto 8 son:

- a) Copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso das persoas estranxeiras non residentes en territorio español.
- b) Declaración responsable dun/a profesor/a da área de coñecemento para a que a persoa candidata realiza a solicitude, onde declare o seu compromiso para dirixir o seu traballo de tese doutoral cuxo modelo se recolle no anexo II desta convocatoria.
- c) Currículo vitae abreviado (CVA) da persoa candidata a ser destinataria nun modelo normalizado, preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es>, os méritos alegados poderán ser acreditados por calquera medio que permita a súa constancia e valoración por parte da comisión. Para os efectos do proceso de avaliación, so se terá en conta a información contida no CVA na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.
- d) Cada persoa unicamente poderá presentar unha solicitude nesta modalidade. Cada solicitude virá referida a unha actividade de Investigación. A relación de actividades de investigación recóllese no Anexo I.
- e) Na solicitude, incluírase a declaración responsable de que a persoa solicitante non tivo contratos en etapa predoutoral de calquera outra modalidade (FPU, FPI, Xunta de Galicia ou equivalentes).
- f) A presentación dunha solicitude implica o consentimento para a comunicación a terceiros dos datos recollidos nela, co obxecto do tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, no marco da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- g) Declaración responsable na que a persoa interesada manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos e que pode acreditarlos na data fin de presentación de solicitudes.

## 10.-REVISIÓN DAS SOLICITUDES

O órgano instructor efectuará a revisión das solicitudes presentadas, verificando tanto o contido e a documentación achegada como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria cuxa comprobación non requira de ningunha valoración científica ou técnica.

O órgano instructor realizará de oficio tantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, incluíndo a acreditación documental de calquera dos méritos achegados na solicitude. Se do exame das solicitudes e a documentación presentada se desprendese que se omitiu información esencial para o proceso de avaliación ou que conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes ou falsos, o órgano de instrución poderá excluír dita solicitude do procedemento, mediante resolución na que se fará constar tal circunstancia, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais a que houbese lugar.

Poderanse solicitar cantos informes se estimen necesarios para resolver o procedemento

## 11.-PROCESO DE AVALIACIÓN, SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Dito proceso de avaliación e selección da persoa que se contrate, deberá garantir os principios de concorrencia, publicidade e transparencia, corresponderá á entidade beneficiaria, podendo realizar estas actividades previamente a que se publique a resolución de concesión.

A forma de provisión será a de **concurso de méritos**, a través da valoración dos criterios de baremación seguintes:

1. **Criterio 1. Traxectoria académica e/o científico-técnica do candidato/a (ata 50 puntos).**
  - a) **Subcriterio 1.a):** Achegas científico-técnicas (ata 45 puntos). Valorarase o expediente académico e outros méritos curriculares do candidato/a, así como a adecuación dos mesmos a as tarefas para realizar en función da formación e experiencia profesional.
  - b) **Subcriterio 1.b):** Mobilidade e internacionalización (ata 5 puntos). Valorarase a relevancia e o impacto na súa traxectoria investigadora das estancias do candidato/a en centros nacionais e internacionais e/o no sector industrial, atendendo ao prestixio da entidade de recepción da estancia e á actividade desenvolvida na mesma.
2. **Criterio 2. Adecuación do candidato/a ás actividades de investigación a desenvolver (ata 50 puntos).**



Valorarase a adecuación do candidato/á o programa, proxecto ou actividades de investigación a desenvolver en función da súa formación e experiencia previas. Para iso, terase en conta o valor engadido que a realización do proxecto representará para a súa carreira investigadora, así como o valor achegado ao centro e ao equipo receptor.

## 12.-ORGANOS DO PROCESO DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión designada pola USC de acordo cos criterios de avaliación establecidos no artigo anterior, para o que solicitará informe de avaliación dos/as investigadores/as principais da actividade de investigación na que se integrará a persoa solicitante. Cada investigador/a principal levará a cabo a avaliación científico-técnica de todas aquelas solicitudes adscritas ao seu proxecto de investigación, de acordo cos criterios de avaliación e elaborará, baseado neles, un informe de avaliación científico-técnica para cada unha das solicitudes.

Será proposta para financiamento, para cada unha das solicitudes asociadas a cada proxecto de investigación, as que teñan maior puntuación en cada un dos proxectos, sempre que as solicitudes teñan unha puntuación igual ou superior a 65 puntos.

Elaborarase unha listaxe de agarda para substituír á persoa solicitante proposta para concesión nos supostos de renuncia, por cada unha das actividades de investigación nas que se presentasen solicitudes, ordenadas de acordo coa súa puntuación sempre que teñan unha puntuación igual ou superior a 65 puntos e que non fosen propostas para contratación.

## 13.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

De conformidade co previsto no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, o órgano competente para a instrución, á vista do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional. Esta proposta será notificada ás persoas interesadas mediante publicación na páxina web de Investigación da USC, así como no Taboleiro Electrónico da USC. A proposta de resolución conterá a relación das persoas solicitantes seleccionadas así como a lista de agarda, coas respectivas actividades de investigación ás que se vinculan.

## 14.- RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN E REXIME DE RECURSOS

Publicarase a resolución definitiva por parte do reitor da Universidade mediante a súa publicación na páxina web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, así como no Taboleiro Electrónico da USC.

Contra a resolución do procedemento de concesión, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que a ditou, se a resolución fora expresa, no prazo dun mes ou, se non o fose, a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo máximo para a resolución do procedemento de concesión, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen prexuízo do anterior, contra a resolución do procedemento de concesión cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, se a resolución fora expresa, ou de seis meses se non o fose, de acordo co disposto nos artigos 9.1.c) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela

## ANEXO I

| REFERENCIA           | INVESTIGADOR PRINCIPAL     | SUB-ÁREA | CENTRO   |
|----------------------|----------------------------|----------|--|
| PID2022-136963OB-I00 | Concepción Gonzalez Bello  | QMC      | CIQUS - CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓGICA Y MATERIALES MOLECULARES |
| PID2022-142440NB-I00 | Juan Ramon Granja Guillan  | QMC      | CIQUS - CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓGICA Y MATERIALES MOLECULARES |
| PID2022-138892OB-I00 | Ramon Angel Bouzas Lorenzo | CPO      | FACULTAD DE CIENCIAS POLITICAS Y SOCIALES  |
| PID2022-140510NB-I00 | Jaime Alvarez Muñiz        | FPN      | INSTITUTO GALLEGO DE FISICA DE ALTAS ENERGIAS (IGFAE)                                  |
| PID2022-142400OB-I00 | Carlos Pereira Dopazo      | GYA      | INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ACUICULTURA   |

## ANEXO II

### ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VINCULACIÓN DE TESE

#### CONTRATO PREDOUTORAL USC

| DATOS DA PERSOA CANDIDATA |  |                       |  |
|---------------------------|--|-----------------------|--|
| Apelidos, nome:           |  |                       |  |
| DNI:                      |  |                       |  |
| Tfn. Móbil:               |  | Enderezo electrónico: |  |

| DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA DIRECTORA DA TESE DE DOUTORAMENTO   |                                      |
|---|--------------------------------------|
| Apelidos, nome:   |                                      |
| Departamento/Instituto/Centro Singular:   |                                      |
| Área de coñecemento á que pertence:   |                                      |
| Codigo do grupo de investigación:   |                                      |
| <p><b>DECLARA</b><br/>Que ao abeiro da convocatoria propia de contratos predoutorais da USC, se compromete a dirixir a tese de doutoramento da persoa candidata indicada neste documento no caso de ser beneficiara dunha axuda desta convocatoria.</p> |                                      |
| <i>A persoa directora da tese de doutoramento</i>   | <i>Sinatura da persoa candidata.</i> |
| :   |                                      |

Santiago de Compostela,

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
07/12/2023 14:20:49.

**CSV:** 4C17-CA1D-4A7B-857E